

PROPOSTA PARA O EXERCICIO 1 DA ABAU

COMENTARIO E CUESTIÓN (6 PUNTOS)

O fragmento proposto pertence a.... **[Localización]**. **[Tema]**

Dada a interrelación da cuestión proposta e dos contidos do fragmento, procederemos a unha exposición conxunta de ambos ítems, de xeito que sobre a análise do fragmento proxectaremos os contidos da cuestión nunha redacción orgánica e integral.

Para comezar coa análise é preciso ter en conta o particular marco histórico no que se sitúa o fragmento, así como os antecedentes conceptuais que inflúen nas teses do mesmo e outras ideas do autor que, se ben non están explicitamente presentes, condicionan a comprensión das palabras aquí propostas.

[Contextualización histórica e filosófica, vencellando explicitamente ao fragmento, preferentemente en estilo indirecto].

Tendo en conta estes condicionantes, *a cuestión que nos ocupa e, ao mesmo tempo, a análise do fragmento* debe ser comezada por unha aclaración do que para o autor consiste ...

[Exposición da cuestión con referencias explícitas ao texto de xeito constante]

Así pois, *unha vez exposta a cuestión proposta e comentado o texto á luz da mesma*, cómpren unhas últimas palabras. Vimos que o autor reflexaba as ideas x, y e z dos filósofos que o precederon, así como acusaba os condicionantes históricos t u e v. Plantexou así un modelo para comprender Disto derivase a gran importancia para a historia do pensamento, pois as ideas do autor reflíctense nos conceptos de x do autor x, y do autor y e z do autor z. **[A poder ser, chegar ao século XIX-XX]**. Constitúe, pois, a exposición máis lograda da **[nome da cuestión proposta]** da súa época.

A TER EN CONTA...

- É moi importante comezar moi ben
- Non esquecerse do texto por máis de un parágrafo
- Non citar entre comiñas se non integramos a cita no resto da redacción
- Manter un tamaño de párrafos razoable (6-15 liñas, aprox.)
- Ser técnico e conceptual: espérase o dominio do vocabulario específico: diferenza ontolóxica, epistemoloxía, formas puras a priori da sensibilidade, etc.
- Coidar marxes e caligrafía.
- Marcar textualmente as partes e mesmo graficamente con sangrías. Se hai enumeracións, marcalas con números ou puntos.